

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 3 de novembro de 2022, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamento considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

OLAPARIB, NIRAPARIB

En monoterapia para o tratamento de mantemento de pacientes adultas con cancro de ovario epitelial de alto grao avanzado (estadios FIGO III-IV), trompa de Falopio ou peritoneal primario, que presenten mutación BRCA 1/2 (xerminal ou somática) en resposta completa ou parcial (criterios RECIST) á primeira liña de platino e cumpran todos os seguintes criterios:

- ECOG: 0-1.
- Ter completado tratamento de primeira liña baseado en platino.
- No caso de **olaparib**: sempre que non recibiran bevacizumab e non pasaran mais de 8 semanas dende a última dose de quimioterapia con platino. Duración 24 meses.
- No caso de **niraparib** sempre que non pasaran mais de 12 semanas dende a última dose de quimioterapia con platino. Duración 36 meses.

A selección do tratamento entre NIRAPARIB, OLAPARIB basearase fundamentalmente en criterios de eficiencia, tendo en conta que olaparib presenta un mellor perfil de seguridade e ampla experiencia de uso.

OLAPARIB en combinación con BEVACIZUMAB

Para o tratamento de mantemento de pacientes adultas con cancro de ovario epitelial de alto grao avanzado (estadios FIGO III-IV), trompa de Falopio ou peritoneal primario con deficiencia na recombinación homóloga (HRD), en resposta completa ou parcial (criterios RECIST) á primeira liña de platino en combinación con bevacizumab e cumpran todos os seguintes criterios:

- ECOG: 0-1
- Ter completado tratamento de primeira liña baseado en platino e a lo menos 3 ciclos de bevacizumab
- Non pasaran mais de 8 semanas dende a última dose de platino para iniciar olaparib
- Duración: Olaparib 24 meses e bevacizumab un total de 15 ciclos

NIRAPARIB

En monoterapia para o tratamento de mantemento de pacientes adultas con cancro de ovario epitelial de alto grao avanzado (estadios FIGO III-IV), trompa de Falopio ou peritoneal primario, en resposta completa ou parcial (criterios RECIST) á primeira liña de platino e cumpran todos os seguintes criterios:

- ECOG: 0-1
- Ter completado tratamento de primeira liña baseado en platino
- Non pasaran mais de 12 semanas dende a última dose de platino
- Duración : 36 meses

NOTAS:

- * en aqueles pacientes con HRD-/indeterminado en resposta a un réxime baseado en platino, o mantemento con **bevacizumab en monoterapia** segue a ser unha opción eficiente fronte a niraparib.
- **o ditame de PARPi como mantemento no ámbito da recaída (27 outubro 2020) continúa vixente, excepto cando estes medicamentos xa se recibiran como mantemento trala primeira liña.

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde